



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



23-27 de xuño
Monforte de Lemos

Suárez Canal salienta a fortaleza do sector vitivinícola

QUINTA DO BUBLE A JOAQUÍN REBOLLEDO BARRICA, MELLORES VIÑOS GALEGOS 2008

Os viños branco **Quinta do Buble**, da Denominación de Orixe Monterrei, e **Joaquín Rebolledo Barrica 2006**, da D.O. Valdeorras, foron considerados os mellores Viños de Galiza polo panel de expertos que durante 3 días analizaron máis de 200 mostras das cinco denominacións galegas, na XX edición da Cata dos Viños de Galiza. A mellor augardente, pola súa parte, foi a de **Pazo de Señoráns**, que obtivo o Pote de Ouro da X Cata das Augardentes de Galiza.

Os premios déronse a coñecer hoxe, venres, na localidade lucense de Pantón, nun acto presidido polo conselleiro do Medio Rural, **Alfredo Suárez Canal**, e ao que asistiron máis de 250 adegueiros e representantes do sector vitivinícola galego. No acto, Suárez Canal, amosou o compromiso da Consellaría para co sector en Galiza, un sector, afirmou, que demostra continuamente a súa fortaleza ao ser capaz de competir en escenarios internacionais a pesar de condicións externas desfavorables, como foi a derradeira OCM do Viño.

Para o conselleiro, o sector representa un enorme potencial non só pola súa calidade, senón polo que supón de tradición e herdanza cultural, que garante a posta en valor e recoñecemento internacional de grandes áreas territoriais de Galiza.

A XX Cata dos Viños de Galiza, celebrada en Monforte de Lemos entre os días 24 a 26 deste mes de xuño, participaron un total de 223 marcas comerciais de viños, pertencentes a 156 adegas inscritas nos Consellos Reguladores das Denominacións de Orixe Rías Baixas, Ribeiro, Valdeorras, Ribeira Sacra e Monterrei. Os viños competiron para conseguir os *acios* de Ouro, Prata e Bronce por denominacións, e asemade para os premios de *Mellor Viño Branco* e *Mellor Viño Tinto* de Galiza. Á X Cata das Augardentes de Galiza, pola súa parte, competiron 26 diferentes marcas.

Os viños e augardentes premiados identificáranse este ano por primeira vez cunha etiqueta común, deseñada e proporcionada ás adegas pola Consellaría do Medio Rural como un sistema que facilite ante o consumidor a identificación dos lotes recoñecidos nas Catas con premios.

Pantón, 27 de xuño de 2008
Saúdos, Gabinete de Comunicación
Carmen Rey, Tel.- 660 396 807





XX CATA DOS VIÑOS DE GALIZA 2008

MELLOR VIÑO DE GALIZA	
	MARCA PREMIADA E ADEGA
BRANCO	QUINTA DO BUBLE- ADEGAS QUINTA DO BUBLE, S.L. (D.O. MONTERREI)
TINTO	JOAQUIN REBOLLEDO BARRICA 2006 - BODEGAS JOAQUÍN REBOLLEDO (D.O. VALDEORRAS)

D.O. RIBEIRO	
	MARCA PREMIADA E ADEGA
1º POSTO E ACIO DE OURO	CASAL DE ARMÁN - CASAL DE ARMÁN, S.L.
2º POSTO E ACIO DE PRATA	GOMARIZ X - MARÍA ÁLVAREZ SERRANO
3º POSTO E ACIO DE BRONCE	PAZO DO MAR EXPRESIÓN- ADEGAS PAZO DO MAR, S.L.

D.O. VALDEORRAS	
	MARCA PREMIADA E ADEGA
1º POSTO E ACIO DE OURO	EREBO- BODEGAS CARBALLAL, S.L.
2º POSTO E ACIO DE PRATA	VIÑA ABAD- BODEGA COOPERATIVA JESUS NAZARENO, S.C.G.
3º POSTO E ACIO DE BRONCE	VIÑA SOMOZA GODELLO SELECCIÓN - VIÑA SOMOZA BODEGAS Y VIÑEDOS, S.L

D.O. RIAS BAIXAS	
	MARCA PREMIADA E ADEGA
1º POSTO E ACIO DE OURO	FINCA DE ARENTEI - BODEGAS LA VAL, S.L.
2º POSTO E ACIO DE PRATA	MARTIN CODAX - MARTIN CODAX, SAU
3º POSTO E ACIO DE BRONCE	PAZO DA BOUCIÑA - ADEGAS AROUSA, S.L.

D.O. RIBEIRA SACRA	
	MARCA PREMIADA E ADEGA
1º POSTO E ACIO DE OURO	ALGUEIRA - ADEGA ALGUEIRA, S.L.
2º POSTO E ACIO DE PRATA	ADEGA BARBADO- TOMÁS RODRÍGUEZ GONZALEZ





3º POSTO E ACIO DE BRONCE

PEZA DO REI - CESAR ENRIQUEZ DIEGUEZ

D.O. MONTERREI	MARCA PREMIADA E ADEGA
1º POSTO E ACIO DE OURO	PAZO DE MONTERREI- BODEGAS DEL NUEVO MILLENIO, S.L.
2º POSTO E ACIO DE PRATA	FRAGAS DO LECER - BOO RIVERO, SAT
3º POSTO E ACIO DE BRONCE	LADAIRO BLANCO - ADEGAS LADAIRO, S.L.

COLLEITEIRO BRANCO	MARCA PREMIADA E ADEGA
1º POSTO E ACIO DE OURO	VIÑA AXENTEA- MANUEL GUERRA JUSTO
2º POSTO E ACIO DE PRATA	CASTRO DE LOBARZAN- ADEGA CASTRO DE LOBARZAN, S.L.

COLLEITEIRO TINTO	MARCA PREMIADA E ADEGA
1º POSTO E ACIO DE OURO	CASTRO DE LOBARZAN- ADEGA CASTRO DE LOBARZAN, S.L.
2º POSTO E ACIO DE PRATA	SAN MAMED- ROSA MARÍA POMAR RODRÍGUEZ
3º POSTO E ACIO DE BRONCE	ESTRELA- CARLOS DÍAZ DÍAZ

X CATA DAS AUGARDENTES DE GALIZA 2008

D.X. AUGARDENTES DE GALIZA	MARCA PREMIADA E ADEGA
1º POTE DE OURO	PAZO SEÑORANS - BODEGAS PAZO SEÑORANS, S.L.
2º POTE DE PRATA	LA VAL - BODEGAS LA VAL, S.L.
3º POTE DE BRONCE	QUENZA - ADEGA SIDRERIA GALEGA, S.L.

